

## 17 de maio: Día internet

Luns, 15 de Maio de 2006

[ir a outras seccións](#)[visitar os foros](#)[edicións especiais](#)

Nova

### O Juan Canalejo acollerá un curso tecnolóxico para 25 pacientes con longos períodos de convalecencia



Como facer que a estancia nun hospital sexa o máis proveitosa posible? Que pasa cando nos ingresan nun centro sanitario por tempo indefinido e non temos maneira de acceder á información e (en consecuencia) á formación? A tecnoloxía, certamente, pode achegar algunhas chaves ó respecto, tal e como se fixo saber este venres na presentación no Cesga dunha iniciativa educativa para achegar a 25 pacientes do [Hospital Juan Canalejo](#) da

Coruña (na imaxe) un curso de informática e ofimática. O proxecto, no que participan o [Centro de Supercomputación de Galicia](#) (Cesga), a [Universidade de Santiago](#) e a Fundación Juan Canalejo, vai orientado a mitigar a ruptura coa vida activa que supón o ingreso nun hospital para as persoas que precisan longos períodos de convalecencia.

A iniciativa, que se inscribe no proxecto comunitario e-Hospital, porase en marcha en cinco países da Unión Europea de xeito simultáneo. No caso que nos ocupa, o curso terá unha duración superior ás 50 horas, e xirará arredor das novas tecnoloxías empregadas para favorecer a inserción laboral. A actividade desenvolverase a través de contidos en liña, obradoiros presenciais e tutoriais personalizadas. Os beneficiarios do curso serán persoas con lesión medular de idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos. O programa, que se apoia nun sistema de xestión de aprendizaxe de código aberto (desenvolvido polo Cesga), será levado á práctica a comezos do vindeiro curso, e estenderase ata o mes de maio.

Entrevista



**Anxo Quintana**  
Vicepresidente da Xunta de Galicia

Firma convidada



**Moncho Paz**  
Moderador de Xanela Aberta en Código TV





**Agasa  
Promoci  
por Inte**

**www.promos**

**Telf.: 902 1**




**Area Ce**  
O centro co  
de tod



Novo n  
**GRATU**  
**90085**  
de **RESPO**  
sobre a tele  
o acceso a l

**Construya  
reputación  
con Windo  
Server Syst**

**Conozca la  
experienci  
Motorola**



**MOVIS**



[PRINCIPAL](#) | [FOROS](#) | [REVISTA EN PAPEL](#) | [HEMEROTECA](#) | [O NOSO EQUIPO](#) | [TOP 100](#) | [ENLACES](#) | [CONTACTAR](#)

**Grupo Código Cero Comunicación**

UNINOVA- Recinto MercaGalicia  
Polígono Industrial do Tambre - Vía La Cierva s/n  
15890 Santiago de Compostela  
Teléfono 981 51 96 00 Extensión 36 - 981 93 63 24  
Telefax 981 55 77 07  
[webmaster@codigocero.com](mailto:webmaster@codigocero.com)



Galardón á Innovación Empresarial na categoría de Comunicación